



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## **BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE TRABALLO DE MONITOR DEPORTIVO-SOCCORRISTA PARA O CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE)**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación dun (1) monitor deportivo-socorrista, durante o tempo definido na Resolución da Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2014, —DOG nº 102, do 30 de maio de 2014—, a xornada completa, na modalidade de contrato para obra ou servizo de interese social, para que preste os seus servizos no Concello de Lobios.

As funcións a desenvolver serán as seguintes:

- 1) Como socorrista: Protexer aos bañistas da piscina municipal de Lobios e socorrelos en caso de accidente.
  - ✓ Vixiar o cumprimento de normas e uso das instalacións
  - ✓ Atención aos bañistas.
  - ✓ Auxiliar en caso de accidente.
  - ✓ Realizar a limpeza do fondo do vaso de recreo (pasar limpafondos)
  - ✓ Manter ordenada e limpa a zona de recreo.
  - ✓ Rexistrar anotacións do PH e cloración da auga no libro de rexistro sanitario

Esta actividade realizaríase no mes de xullo, agosto e principios de setembro


- 2) Como Monitor-deportivo: Ocuparse do desenvolvemento inicial das capacidades e habilidades físicas das persoas, de maneira que a poboación de Lobios poida perfeccionar e aumentar as súas posibilidades de movemento. Ademais o monitor deberá ocuparse do seguimento directo da práctica deportiva nos adestramentos.

Entre outras, propónse a realización das seguintes actividades deportivas: Aerobic, baloncesto, expresión corporal, fútbol/fútbol sala, ximnasia de mantemento, xogos populares, pilates, relaxación, psicomotricidade (para nenos de entre 3 e 6 anos). Estas actividades físico-deportivas, están destinadas para os habitantes do concello de Lobios e distribuíranse en función das idades dos usuarios, comprendidas nun rango de 3 a 80 anos aproximadamente. Ao comezo de cada actividade o monitor terá que pasar un cuestionario aos participantes que deberán de reenchener e onde se recollerán datos fundamentais por exemplo, informe das enfermidades que padecen, medicamentos que toman, lesións, etc. toda información recollida é e será confidencial, e a través da cal poderase realizar unha progresión adecuada ás características de cada individuo.

A realización destas actividades deportivas, realizaríase nos meses nos que a piscina municipal permanece pechada ao público.

### **SEGUNDA.- NATUREZA DO CONTRATO.**

A natureza do contratos será laboral temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social ao abeiro do establecido na lexislación vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do correspondente contrato ou a alta de dito contrato, e rematando segundo o período subvencionable na Resolución da Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2014, —DOG nº 102, do 30 de maio de 2014—. Os primeiros quince días do contrato de traballo, constitúen o período de proba.







Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### TERCEIRA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A oferta desta contratación laboral está baseada no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e as súas modificacións posteriores.

Así mesmo, estas contratacións rexeranse polo establecido na Orde do 22 de maio de 2014, —DOG nº 102, do 30 de maio de 2014—, reguladora dos programas de cooperación para o fomento do emprego, da Consellería de Traballo e Benestar, que é quen subvenciona a estes traballadores.

### CUARTA.- FINANCIAMENTO.

A presente contratación está financiada pola subvención concedida ao efecto pola Consellería de Traballo e Benestar, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e mais polo concello de Lobios.

A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas 241.13101 e 241.160.

### QUINTA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co disposto no artigo 10.3 da Orde de 22 de maio de 2014, das presentes bases terá constancia a Oficina de Emprego de Celanova (Ourense).

### SEXTA.- REQUISITOS DOS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, do certificado en ESO ou equivalente, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

- Inscripción e/ou solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.







Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

- f) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- g) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberánse cumprir polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

### SÉTIMA.- SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS.

Para o procedemento selectivo serán de aplicación o artigo 10 e seguintes da Orde reguladora dos programas de cooperación da Xunta coas Entidades Locais para o ano 2014.

Os interesados deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

A selección dos/as traballadores/as desempregados/as realizarase polo Concello de entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez presentada polo Concello a correspondente oferta de emprego específica na oficina de Celanova.

De conformidade co disposto no artigo 10.2, da Orde de 22 de maio de 2014, os traballadores e traballadoras que foran contratados, por un período igual ou superior a seis meses, con cargo as axudas concedidas no ano 2013 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas prevista nesta orde.

As instancias, dirixidas ao Sra. Alcadesa, achegaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, —de 09:00 a 14:00 horas—, durante o prazo de catro (4) días naturais a partir do seguinte da notificación ao demandante de emprego por parte da oficina de emprego.

Tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante fax, durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.


### OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base Sexta, e achegarán:

- ✓ Fotocopia cotexada do D.N.I.
- ✓ Fotocopia cotexada do curso CELGA 3, iniciación de lingua galega ou a súa validación, se é o caso.
- ✓ Fotocopia cotexada do certificado en ESO ou titulación equivalente.
- ✓ Fotocopia cotexada da inscrición e/ou solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de socorristas acuáticos de Galicia.







Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

- ✓ Vida laboral.
- ✓ Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na Base Novena, en orixinal ou fotocopia autorizada por fedatario público, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia, ben galego ben castelán.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Sra. Alcadesa ditará resolución no prazo máximo dun (1) día natural, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web [www.conceldelobios.org](http://www.conceldelobios.org), indicárase a causa da exclusión, e concederáse un prazo de dous (2) días naturais para a emenda de erros. Resoltas as reclamacións, convocarase mediante anuncio no taboleiro e comunicación telefónica ou mediante correo electrónico aos/ás interesad@s, a data de reunión do tribunal para a valoración dos méritos.

### NOVENA.- VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Na selección valoraranse os seguintes méritos:

1) Cursos de formación e perfeccionamento en materia propia do posto a cubrir, valorándose ata un máximo de 3 puntos. Os cursos valoraranse da seguinte forma:

- ✓ 1 punto pola Diplomatura en Maxisterio na especialidade Educación Física ou Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- ✓ 0,75 puntos polo Ciclo Superior de Animación en Actividades Físicas e Deportivas.
- ✓ 0,50 puntos polo curso de Monitor Deportivo (código AFDB40)
- ✓ 0,15 puntos outra formación relacionada.

Non se valorarán as asistencia a xornadas, conferencias ou cursiños en xeral dunha duración inferior a cinco horas. So se valoraran os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados. Non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada. Os méritos non xustificadas documentalmente ou insuficientemente xustificadas non serán obxecto de valoración.

2) Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, segundo se describe no artigo 10.5 da Orde. Esta preferencia será valorada con 0,50 puntos por colectivo ata un máximo de 1 punto. Os colectivos, a valorar, son:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.







Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

3) Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. A puntuación será de 0,7 puntos por persoa a cargo, ata un máximo de 2 puntos.

4) Excepcionalmente, logo de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e logo de autorización expresa da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia e integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadores/as sociais, se é o caso. As persoas seleccionadas por este procedemento deberán, en todo caso, cumprir cos requisitos establecidos na Base Sétima das presentes.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases. Unha vez publicado o resultado do tribunal cualificador, os solicitantes terán un prazo de dous (2) días naturais para a presentación dun recurso ante a decisión tomada polo tribunal. Este recurso será contestado nun prazo máximo de dous (2) días naturais.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o concello precisa dun/ha técnico/a destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. Así mesmo, pasarase a chamar ao/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada da bolsa non xustifique a documentación requirida no punto noveno das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa. A vixencia da presente bolsa de traballo será ata o 31.12.2014.

### DÉCIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía. Estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario/a do Concello de Lobios ou persoa en quen delegue.
- Secretaria: a secretaria do Concello de Lobios ou persoa en quen delegue.
- Vogais: funcionarios do Concello de Lobios ou persoal laboral no que se delegue.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto.

Aos efectos de percepción de asistencias polo membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase á clasificación prevista no artigo 30.1 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

### 2. - Abstención e recusación.


Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de a Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada Lei.


### 3. - Constitución e actuación.

Para a válida constitución e actuación do Tribunal cualificador, requirirase a presenza de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, e sempre a do Presidente e a do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.







Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

### 4. - Vinculación das resolucións do tribunal.

O Presidente da Corporación resolverá segundo a proposta do tribunal, que terá carácter vinculante. De conformidade co artigo 60.8 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, no caso de producirse a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, a Alcaldesa-Presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

### UNDÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación. No suposto de empate a puntos, terá prioridade o aspirante que teña maior puntuación nos seguintes apartados e pola seguinte orde de preferencia:

- ✓ Apartado 3) da Base novena.
- ✓ Formación académica ou teórica.

De persistir o empate, resolverase por sorteo.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que postos convocados.

Si se producise algunha vacante nos postos ofertados durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que non superasen as probas por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

Formulada proposta de designación a favor do/a candidato/a con maior puntuación, efectuarase o nomeamento pola Alcaldesa, asinándose, a continuación, o correspondente contrato laboral.


### DUODÉCIMA.- RECURSOS.

As presentes bases e cantos actos se deriven desta, poderán ser impugnadas cos medios e forma previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Para todo o non previsto por estas Bases ou naquelo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ao servizo das Entidades Locais.

Lobios, 19 de xullo de 2014

A Alcaldesa,

  
María del Carmen Yáñez-Salgado





CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

**ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA CONVOCATORIA DO CONCELLO DE LOBIOS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN MONITOR DEPORTIVO-SOCORRISTA**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_,  
con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_,  
teléfono \_\_\_\_\_; Número da seguridade Social \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPOÑO:**

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Lobios para a contratación laboral temporal indicada.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita contratación e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño do posto e que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin me atopo en situación de incompatibilidade.
4. Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego a fotocopia compulsada do meu DNI ou Tarxeta de Residente, vida laboral e tamén a do Título esixido.
5. Que no dorso relaciono os méritos que alego e achego a documentación acreditativa.
6. Que presento toda a documentación numerada correlativamente.

Por iso, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo.

Lobios, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOBIOS**

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Lobios, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento deste. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se pon en contacto connosco no seguinte enderezo: Concello de Lobios. Estrada de Portugal, 27 - 32870, Lobios.





Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
P – 3204300 – B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE SEXTA PARÁGRAFOS f) E g) DAS QUE REXEN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN MONITOR DEPORTIVO-SOCORRISTA MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO.**

D/D<sup>a</sup> ....., con documento nacional de identidade número....., teléfono.....e-mail..... e enderezo en.....

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin estar separada/o, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do estado, Comunicade autónoma ou das Entidades locais, nin estar inhabilitada/o para o exercicio de funcións públicas.

Lobios, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014

Asdo. \_\_\_\_\_

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOBIOS**

Lobios, 19 de xullo de 2014.

A Alcaldesa,

Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado

**DILIXENCIA.-** Estendo a presente para facer constar que as presentes bases cos seus anexos foron aprobadas por Resolución de Alcaldía de data ..... de 2014. Lobios, ..... de 2014

A Secretaria,

20/06/2014

20/06/2014